



O RASTO: A AMÉRICA DOS QUE QUEDAMOS (Memoria de Manuel Parada Mascato)

Manuel Parada e mariñeiros traballando ó rasto

Eduardo Parada.
(Amigos da Dorna Meca)

Pretendemos con este traballo deixar constancia escrita dun aparello e un oficio como é, ou máis ben como foi, o rasto, dende as súas incertas orixes ata os anos 80 cando comezou o seu devalo ao ser substituído maioritariamente polo raño. Durante o tempo da vixencia do rasto operáronse neste aparello cambios radicais en moitas das súas partes e en todo o seu conxunto. Esta narración faise dende o punto de vista do meu pai "Parada, o do acordeón".

En pleno auxe da emigración cara as Américas, as familias galegas pretendían pegar un pulo económico que lles permitise poder facer a casiña nova. Foi o oficio do rasto o que axudou a dar un impulso económico ós mariñeiros que quedaron aquí, xa que sen ser un oficio de ricos, pagaba as débedas acumuladas no verán, permitía as compras de roupa no San Martiño, deixaba pasar as festas do nadal e gardar uns aforros impensables naqueles anos 50 e 60. Logo, coa fartura dos anos 70, o que non conseguiu a casiña, puido polo menos reformar a que xa tiña.



Un indicio do potencial económico deste oficio era que non só a inmensa maioría de mariñeiros deixaban outros oficios en canto se abría a veda, senón que tamén os oficios de terra se deixaban para ir ó rasto ou á seca. Homes e mulleres, mozos ou vellos, nos primeiros días non quedaba en terra ninguén para coidar os críos: todos querían pegar o pulo fose como fose.

Sabemos que dende o punto de vista literario, co seseo, a gheada e os castelanismos cometemos un pecado, non sabemos se mortal ou venial. Se certo é que nalgunha medida desapareceu un xeito tradicional de traballar ó rasto, non é menos certo que pouco a pouco vai desaparecendo tamén esa forma tan particular que temos os mecos de Ogrobe de falar, polo que todo o mundo nos coñece.

Esperamos que o pecado sexa venial.



O raño, arte que substituíu ao rasto (1980). Foto: Eduardo Parada





Rastos de enchufe

Eran mediados os anos trinta, cando por primeira vez fun ó rasto a escoller con meu pai. Este era considerado un ofisio moi *caballero*, e a min enchíame de orgullo formar parte del, e sobre todo aportar axuda á casa, e esto sin deixar de ir á escola de noite.

Eu quero con este relato deixar testemuña dalgúns aspectos e pormenores deste ofisio, que desde aquela e por motivos lóxicos do cambio dos tempos, fóronse perdendo e pasando a formar parte da tradición e da historia mariñeira, dende o punto de vista dun mariñeiro que cumpriu 80 anos en Xaneiro de 2007.

O rasto

Este aparello era feito por un ferreiro, cunha barra de ferro forxada na fraghua de forma triangular. Levaba o enchufe nun extremo para empatar a vara, e na outra banda aplanábase na fraghua formando a plancha, onde levaba remachados os dentes. O feito de iren os dentes remachados, facilitaba naqueles tempos a posibilidade de cambialos cada ano, xa que cando o rasteiro traballaba todo o inverno sufrían un desgaste que, sumado ó oxido que collían no resto do ano, obrighaban a pasar polo ferreiro antes de armar o rasto.

Na primeira metade dos anos trinta, prodúcese un cambio no xeito de empatar a vara no rasto; pásase do sistema chamado 'de enchufe' ó chamado 'de anilla'. Este seghundo era máis firme e permitía apoiar o rasto na cuberta da dorna mentras enxaguabamos o cope, manioobra que se fasía co rasto cos dentes *pa* arriba e a vara case vertical, xa que este pesaba moito porque viña cheo de terra, pedras e cochallo. Logho virábase no cuartel da dorna, collendo o pano polo cornecho.

Unha vez que temos o rasto feito, só nos faltan unhas varas de piñeiro e o pano, que desto xa nos encargabamos con moita maña os propios mariñeiros. Este aparello, naqueles tempos, a min fasíase enorme e moi pesado, posto que eu aínda era moi pequeno para soportar tanto peso.

Pañar as varas

A principios de Setembro, iamos ó monte a pañar as varas, *antighuamente* de piñeiro, e logho de eucalito, pode que algunha de chorón, para encanar a partir de dose ou catorse brasas. Debemos escoller a ollo as varas máis dereitas e largas posible, tendo en conta escoller as máis ghordas *pó* enchufe, medianas *pó* medio e fina e larga *pá* punta. No mesmo día temos que destonallas e poñelas a secar amarradas entre elas, o máis verticais posible *pa* que non torsan, nun sitio á sombra e ben aplomadas de pé.

Encanar o rasto

O primeiro día de Outubro de cada ano abríase a veda e fechábase o 31 de Marso, cadrara no día en que cadrara, incluso no Domingo. Na semana anterior a este día, os mariñeiros, cun *cuchillo*, cunha machada, un *sepillo* e un *martillo*, poñíanse a encanar o rasto. Alghúns máis previsores fasíanlo con máis tempo, e outros, máis deixados, poñíanse a armalo o último día pola tarde e a toda mecha.

O primeiro era meter as varas no mar unhas seis horas. Alghúns deixábanas toda a noite de mollo, e inda que esto levaba consigho o *riesgho* de atopar o chicote limpo no día *sighiente*, dábase o caso de quen a vara do enchufe armaba primeiro e logho a poñía de mollo con rasto e todo. O feito de



Rasto de anilla





poñer as varas no mar de mollo, antes ou despois de enchufar, era para evitar que retorsera a vara do rasto unha ves encanada.


As varas, unha ves escollidas e buscada a parte darriba e dabaixo *seghún* a torsedura que teñan, rebaixábanse nas puntas coa machada en forma de cuña. Logho sepillábanse *pa* que asentasen ben e polo outro lado sepillábanse en forma cónica, onde se lle fai unha entalla co *cuchillo* para encaixar a trinca. Para empatar as varas utilizábase puntas de ferro ghalvanizadas, que se cravaban ata traspasar as varas, e logho remachábanse virándolas sempre en diresión á punta da vara. As puntas escollíanse por tamaños, *seghún* o gordo das varas, e metíanselle catro na vara do enchufe e tres no resto. *Pó* enchufe ou anilla tíñamos que ter un cravo gordo e curto que non traspase, e outro largo, que tamén se viraba *hasia* a punta da vara, e logho metíamoslle a trinca cun cordel ou alambre mesmo enriba do cravo. Tamén tíñamos que ter un cacho de coiro para meter entre a vara e a anilla, cando tiña *floxedá*, xa que esta axustaba moi ben cando inchaba, facendo así máis firme o empate da vara no rasto. As trincas dábanse con fío de cáñamo (piola) a base de cotes, e os chicones metíanselle entre vara e vara e debaixo da trinca.

Unha vara normal medía entre seis e oito brasas. Compoñíase de vara de enchufe, dúas varas do medio e vara da punta, de medidas repartidas aproximadamente do *sighiente* xeito: a do enchufe, unha brasa; as do medio, dúas brasas; e a da punta, de dúas a dúas e media brasas totales, e cada encanadura remetíase unhas dúas cuartas, aproximadamente. A partir de oito brasas xa se meten tres medios, e así *seghido*. Cando se prevía traballar no alto, encanábanse varas ata desaseis ou desaoito brasas e unha ves no mar, *seghún* o fondo, se lle encanaban as varas de chorón, tamén chamadas *xunquillos*. Estas ían atrincadas con fío e colocadas punta fina con punta fina, e punta ghorda con punta ghorda, ata pasar de vinte brasas algunhas veses.

Teño que desir que traballando nestas profundidades, utilizábase unha pana axeitada (a voadora) a cal se atrincaba enriba do rasto, co fin de que este esparara, non se retorsera e caíra cos dentes *pa* abaixo ó larghar o lanse.

O pano

Os panos fasíanse a man con fío de cáñamo. Utilizábase unha forma de dous sentímetros aproximadamente. Partíase de vinteseis ou vinteoito mallas e íbase facendo mallas ata unha brasa de largo; logho dobrábase pola *mitá* e serrábase polos lados. A continuación temos que remallalo pola boca con fío dobre e malla máis lasa, utilizando unha forma de tres sentímetros, e unha ves feito esto xa temos o pano listo. O máis normal era ter un pano de repostos, así como varas, etc.



Rasto de cadelas con pana voandeira

Armar o pano

Dighamos que *antighuamente* se armaba o pano directamente sobre a plancha do rasto, que tiña uns buratos, un cada dous dentes. Metíase un fío ighual de cáñamo polo burato da plancha e collíanse tres ou catro mallas repartindo todo ó ancho do cope, é desir, que a metade do pano vai trincado na plancha. Logho atrincábanse directamente nas barras tres trincas de dúas mallas cada unha polos dous lados, unha das dúas mallas *sighientes* atrincábase nunha xareta de cordel dunha barra a outra, na cal iban o resto das mallas.

A principios dos anos cincuenta, o xeito de amarrar o pano no rasto pegha un pequeno cambio. Empesouse por meter unha vimbia a modo de xareta, logho esta vaise alargando e tamén se trinca as barras. En pouco tempo, esta idea pásase a faser de ferro e nase así a *varilla*, na que toda a



Dorna de tope traballando ao rasto

boca do pano vai atada cuns cotes co mesmo sistema anterior. Despois esta *varilla* átase ó rasto cunhas trincas salteadas nos buratos da plancha e nas barras do rasto. Este sistema fasilitou a posibilidade de que en caso de rotura, se puidese cambiar o pano con máis rapidés, xa que tiñamos montado o pano de repostado sobre outra *varilla*.

As postas

Eu teño traballado ó rasto por toda a ría, desde Sálvora ata as desembocaduras dos ríos Umia e Ulla.

Os mares máis frecuentados polos rasteiros do Ghrove eran O Ghaliñeiro, O Bao da Arousa e logho toda a costa do Ghrove como Cubreiro, Sinás, Cantareira, Boca de Lordelo, O Ghosente, Rons, Mighalliñas, Casoeiras, Meloxo, etc. Tamén se ten traballado en postas como Con de Loraña, Porcamorta, Con dos Baños, Lombos do Hotel, praia de San Bastián, Carreirón, Bico da Ran, Castrelo, Lombo das Ostras, Toxa Pequena, Lombo das Meás e A Illeiriña, así como tamén se ten chegado ó con de Reboredo, ó Carreiro, Sálvora, Ribeira, O Areoso, Rianxo, Carril e Noia. Nestes dous últimos traballábase especialmente o birbiricho. Isto dependía principalmente da pesca, do estado do tempo ou do tipo de marisco que se pretendese tomar. Por lóxica, primeiro traballábase o marisco que máis presio tiña ou o que fora máis abundante, empesando polas boas cadelas brancas e larghas que pescábamos no Ghali-

ñeiro e o bo marisco do Bao, que tamén daba moi boas cadelas, aínda que sabíamos o moito traballo que daba xa que sempre cheghaba a bordo o cope mediado de xeixos. Aquí tamén tomábamos algún cascarneiro, que as fábricas xa o paghaban como as cadelas, e este armaba máis polo seu tamaño. Se tirábamos máis *pó* leste, á altura de Carreirón e San Mighel, tomábamos cadelas medianeiras e bicotortos.

Os bicotortos tamén se daban moi ben no Lombo das Ostras, na Illeiriña, Porto de Meloxo e *muelle* de Rons, aínda que neste o fondo era moi duro.

Se falamos de cadelas encarnadas, temos que falar de encanar varas ben larghas e dar fondo polo norte de Rons, por fóra das Mighalliñas, alá polo mar das Pedras ou polo Con de Reboredo. Tamén se asinaban polo baixo no Carreiro de Con Blanco, mescladas con brancas. Nos días *crudos* de inverno con moito vento sur, traballabamos polo costado de Rons, Cantodorxo, Boca de Lordelo, Sinás de Rons, Cantareira, Cons de Don Paco, e ata a punta do *muelle*. Nestas postas tamén daba moi boas cadelas, brancas sobre todo, na Cantareira, aínda que viñan xunto con moitas arolas, tamén chamadas *relós*, ata o punto de ter que cambiar o risón cando cheghaba o cope mediado de arolas e só tres ou catro cadelas, xa que as arolas non se comercialisaron ata os anos 80.

Como traballábamos

Tamén temos traballado o longueirón cando esca-seaba a cadela. Para isto tiñamos que cambiar de rasto. Deixabamos o de dose dentes curtos polo de oito dentes máis larghos, cambiando así dun rasto lixeiro a un rasto máis pesado, posto que este levaba unha barra ou plancha de ferro atrincada pola parte de arriba do pano, para darlle máis peso.

Para traballar ó longueirón, o rasto larghábamolo entre dous, e mentras un encamaba o rasto o outro escollía os longueiróns do lanse anterior. E logho rasteábamos e tirábamos del entre os dous. Tíñamos que ter en conta que cada vez que dábamos fondo ou arreábamos cabo, tiñamos que dar entre

dous e tres lanses un enriba doutro ata faser ghai-
ba, e a partir desta *maniobra* empesábamos a
tomalos.

Traballábamos os longueiróns novos nas Canlles,
en Xastelas, por fóra da Cantareira e das Pipas ó
Con de Reboredo.


A mediados dos anos sesenta, debido a unha forte
demanda das fábricas e abundancia de birbiricho
nos lombos de Carril e Noia, os primeiros quince
ou vinte días de abrirse a veda, os rasteiros do
Ghrove aparellabamos co rasto do birbiricho. Este
era máis ancho, tiña máis dentes e estes eran máis
curtos que os das cadelas. Para traballar en Carril,
saíamos cada día en racús a motor e levábamos
chalanas a bordo ou pola popa; os que iban a Noia
fasían o mesmo, pero a calada era os días que
durara.

Non podemos esquecer, á hora de aparelhar para ir
ó rasto, elementos tan importantes como a ghoma,
o cuartel de popa e a pana da banda.

A misión fundamental da ghoma era protexer ó
rasteiro da molladura da vara e do rose da mesma.
Compoñíase dunha ghoma de neumático de
camiión recortada a medida e peghada no ombrei-
ro. Levaba á súa ves un sinto de coiro cunha *febi-
lla*, o cal se ataba arredor da sintura, de xeito que
a ghoma protexía o costado e debaixo do brazo do
rasteiro.



Traballando ao rasto



Rasto do birbiricho

O cuartel fasía a mesma función, só que a quen
protexía era á dorna, impedía as rosaduras dos
dentes do rasto, fasía de plan para virar o lanse e
escoller o marisco e facilitaba tirar o cochallo pola
borda. Á súa ves permitía máis comodidade,
seghuridá e firmeza ó rasteiro.

A pana da banda iba no panel de popa, entre o
banco do cofete e o van de popa da cadeira na
banda de couso. A súa función era faser máis
cuberta, permitindo así que o rasteiro puidera dar
uns pasos atrás para aproveitar o lanse. Esta pana
era utilizada polas dornas que iban a remos, por-
que os que andaban a vela metían o timón do
mismo xeito.

Había sertos utensilios que tampouco podían fal-
tar a bordo, como un par de risóns, cabos de espar-
to, un par de orinques, un lampaso, cacharro ou
viol e cacharreta de medida e sen olvidar un
cuchillo ou navalla, *martillo*, fío de cáñamo e pun-
tas. A función dos orinques era recuperar os risóns
cando se rompía o cabo.

Unha ves ben aparelados e sabendo as postas, o
xeito de traballar o rasto era ben fásil. Dábamos
fondo co risón de popa, boghábamos por riba da
sona que queríamos traballar, arreábamos dúas
medias betas de cabo e unha ves fondeado o risón
de proa, portábamos polo cabo de popa e fasíamos



Rasto do longueirón, con oito dentes



Antigos rastos de remaches. Foto: Eduardo Parada

firme na proa da doma. Logho dábamos uns bos tiróns de popa para comprobar que os risóns non veñían a gharrea. Unha ves ben firmes amarrabamos o cabo de popa ben asocado por un dos costados. Metíamoslle media beta máis ó cabo cando íbamos pó Bao da Arousa ou cando traballábam no alto.

Larghábamos os lanses ben esparados e se a asinábamos seghíamos larghando, e senón hai que ir arriando cabo de proa e portando de popa. Estas *maniobras* ibámolas realizando ata chegar ó risón e mentras se asinen, cheghando incluso a repetir o percorrido no cambio da marea ou cambiando de costado ó cabo de popa e traballando polo outro lado do cabo. Repetiamos estas *maniobras* de cambiar o cabo de banda e arrear cabo *pa* proa e *pa* popa cando dábamos con unha boa restinga de marisco. Debíamos ter en conta que nos sitios de moita correntada tiñamos que traballar coa popa a favor da marea, xa que do contrario a marea levantábache o rasto.

A venda

Xa enche o mar, vai media marea, temos o día ghanado e o comprador aquí ó lado, vamos a vender e *pá* terra.

A compra fasíase a flote, tanto *pa* fresco como *pás* fábricas. Foi a partir dos anos sesenta cando pouco a pouco, tanto as fábricas como os remiten-tes foron deixando de comprar no mar. Eu mesmo fun un dos últimos compradores a flote, que co racú "Tres Hermanos" comprín birbiricho do ano

sesenteun ó ano sesentesinco *pá* fábrica de Escalante.

O marisco vendíase por caixas, media caixa ou un cuarto (que son dous cacharros). Máis tarde, por cacharros e cacharretas, todo esto a caghulo. Un cacharro equivale a tres cacharretas e unha cacharreta a un quilo.

No caso do birbiricho, vendíamos por caixón ou medio caixón. Os longueiróns, *a menudo* eran motivo de polémica á hora de medir, xa que o mariñeiro metíaos na caixa a puñados e crusados verticalmente: o comprador sacudía a caixa desfazendo o *castillo* e dunha caixa fasía media...

Non tiñan este problema as mulleres sequeiras, xa que elas contaban por sentos e por mans: vintecinco mans eran un sento.

Mulleres mariñeiras

Falando das mulleres, dábanse casos de mulleres rasteiras que acompañaban os seus homes ó mar. Estas fasían principalmente a funsión de escoller e boghar. Nas mareas vivas iban máis mulleres nas dornas. Saltaban en terra no Ghaliñeiro e en Xastelas e mentras que os homes rasteaban, elas pañaban na seca.

Douse o caso dun mariñeiro do Ghrove que estando no Ghaliñeiro, ó berro de "Vámonos *pa* terra que entra vento sur!" levantou os risóns, armou os remos e boghou *pa* terra. Cando iba por terra do



Sr. Ricardo e Sra. Carme bogando até a posta, para traballar ao rasto



faro do Sinás, douse conta de que deixara á muller no Ghaliñeiro, e de pronto, sea de couso, bogha de arca, e tira a todo meter rumbo ó Ghaliñeiro. Todos preguntaban extrañados "Aonde vas?", ata que nunha dorna en lugar de preguntar aonde se dirixía díxéronlle: "¡Aquí a tes!".

Outra maneira de ir as mulleres coas firghas ó longheirón a Xastelas era cando iban quince ou vinte mulleres co comprador. Tiñan unha espesie de trato, estaban obrighadas a venderlle a este comprador pero o presio acordábano antes de saír de terra.

Outros tempos

Mediados os anos setenta douse un cambio moi importante neste ofisio coa aparición do foraborda, logho o raño e máis tarde as planeadoras de poliéster.

Os forabordas incorporáronse máis tarde ás dornas rasteiras que a outros ofisios, debido a que este supoñía un atranco *pa* traballar da forma tradicional. Ademais tiñamos que reformar as popas das dornas. Isto, xunto coa modificación uns anos antes do *antighuo* rasto facendo con *varilla* máis fina e xa con soldadura, aliviou o esforso do mariñeiro. Despois o raño doulle o cambio máis radical, xa que este era moito máis lixeiro, soltaba toda a area e cochallo fino, permitía escoller o marisco no propio raño sin virar o lanse, desaparecendo así o cuartel de popa, non fasía falta compañeiro para escoller nin para tirar do lanse e enxaguar, non se esparaba tanto, traballábase máis a plomo e os lanses eran máis cortos. En caso de levar tripulante a bordo, isto supoñía un raño máis.

Pronto cheghou a redución de capturas. *Pa* que vos faghades unha idea, cando empesín e durante anos, o normal era tomar caixa e media ou dúas caixas de cadelas e cando me retirín xubilado por *enfermedá* no ano setentenove, tomábamos un cacharro e cacharreta. Faser un par de cacharros era un milaghro, só a esperiencia xunto coa *habilidadá*, a pasiencia e o conoser o fondo da ría como a palma da man, permitían que valera a pena traballar a este ofisio nestes anos.

Do furtivismo e a *vigilansia* naqueles tempos non quero nin falar, porque daría pa moitas páxinas máis, e non vaia ser que veña a lanchita ou o sentinela e nos larghe a sapatilla.

Este ofisio era considerado polos propios mariñeiros como limpo, máis *caballero*, *generoso* economicamente, moi duro, pero valía a pena porque tamén che daba máis tempo libre para outras *tareas* nesarias para a casa e a familia naqueles tempos para uns e máis horas de taberna para outros.

Desía Siño Caneda nunha canción titulada "Pobre de ti", nunha das súas comparsas de mariñeiros ("Caneda y Sus muchachos") do ano 1952, ano de moita abundansia e bos presios:

Buenos Aires é o Bao,
Venezuela o Galiñeiro
e o *tesoro* máis *fuerte*,
é por fora do Croveiro.

E por fora do Croveiro
e por terra do Sinás.
Que *tesoro* como este,
non s'acordará xamás.



Manuel Parada Mascato, "Parada o do acordeón"